

COMUNICADO OFICIAL

Ante os infundados rumores que están comezando a saír á luz sobre o futuro da Sociedade Deportiva Villestro, a actual Xunta Directiva da Entidade informa a través do presente comunicado que a S.D. Villestro continuará con total normalidade coa actividade deportiva durante a presente tempada 2018-19 e durante moitas tempadas máis.

Nos presentes días esta Xunta Directiva está centrada en regularizar a súa situación estrutural e social co obxectivo de iniciar a tempada con todo o organigrama directivo e deportivo definido e informado a nivel institucional. Nomeouse un novo Presidente que xa está a exercer como tal e incorporouse nova xente á Xunta Directiva que chega por vontade propia para aportar traballo e ideas en prol dun fin común como é o correcto funcionamento da Entidade. Proximamente serán presentados.

A perda do Presidente Suso supuxo un serio revés na vida diaria desta Entidade pero os membros que nela permanecemos tentaremos seguir adiante con todo o esforzo, responsabilidade e ilusión que el mesmo nos inculcou. É imposible cubrir o oco que nos deixou porque é inmenso pero desde esta Xunta Directiva tentaremos facer as cousas da mellor maneira posible para que todos en xeral e el en particular se sinta orgulloso de todos nós, se sinta orgulloso do Villestro.

A Sociedade Deportiva Villestro vai seguir adiante esta tempada, a que ven e nos vindeiros anos. Esta Xunta Directiva traballará para que o Club goce da estabilidade que sempre tivo, sen saír da idea inicial da súa fundación como a base de toda esta estrutura, que Villestro teña unha entidade e un lugar na que os mozos e mozas poidan practicar o deporte que máis lles gusta e cos mellores medios ó seu alcance. Así foi como se xestou o Club no 1983 e así seguirá sendo nos vindeiros anos.

Foron moitas as persoas que nestes días ofreceron o seu apoio e axuda ao Club unicamente co fin de que a S.D. Villestro non desaparecera. Dende aquí agradecemos a todos e todas os seus xestos e abrimoslles as portas da Entidade para que poidan entrar nesta pequena familia que é a do Villestro. De seguro que non se arrepentirán. Cantos máis sexamos máis levadeiro será o traballo entre todos e máis gozaremos. Animamos principalmente ás mulleres a que entren a formar parte do Club. A figura da muller sempre foi relevante na evolución da sociedade e na actual non pode pasar desapercibida, polo que tamén as animamos a que formen parte deste proxecto. Unha das mellores maneiras de demostrar que o fútbol non só e cousa de homes e facilitando ás mulleres que poidan acceder a él en calquera das súas facetas, deportivas ou directivas. Agardámosvos cos brazos abertos

Os nosos rapaces e rapazas sairán a adestrar, a xogar, a competir como todos os anos. Dende a Xunta Directiva traballaremos arreo para que así sexa hoxe e sempre.

A DIRECTIVA



Coa colaboración de:

